



EXPDTE	SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL (CES) DO 22.11.2017.	02/2017
TRÁMITE	Borrador da acta.	

Na Sala de Xuntas da sede do Concello de Pontevedra, sita na rúa Michelena nº 30, sendo as 19.15 horas do día referido, reúnen-se as persoas que se sinalan, baixo a Presidencia que se precisa, co fin de proceder á celebración de sesión segundo orde do día previamente notificado.

Presidencia	D ^a . María Carme da Silva Méndez, en canto Vicepresidenta.
-------------	--

AEMPE	D. José M ^a Corujo Seguido
Cámara Oficial de Comercio, industria e navegación	D. Eduardo Barros Pereira
Fundación Galicia Obra Social ¹	D ^a Gloria Rodríguez López.

Grupo municipal BNG	D ^a Anabel Gulías Torreira. O Sr. D. Raimundo González Carballo incorpórase á sesión ás 19:37 h., no curso do punto núm. 3.
Grupo municipal PP	D. César Alberto Abal González
Grupo municipal PSdG-PSOE	D. Iván Puentes Rivera
Grupo municipal MaPo	D. Luis Rei Núñez. O Sr. Núñez incorpórase á sesión no curso do punto 4.
Grupo municipal Mixto (C's)	D. Gregorio Revenga Portela, segundo comunicación da Sra. Concelleira.

Xunta de Galicia: Departamento territorial da Consellería de Economía e Industria ²	Escusa a súa asistencia por correo electrónico do 20.11.2017.
Vicereitorado da Universidade de Vigo	Non asiste representante.
Federación da AA.VV. Castelao	D. Juan M. Loureiro Taibo

Confederación Intersindical Galega (CIG)	D. Marcos Conde Farto.
Unión Xeral de Traballadores (UXT)	D. Xosé Ramón Vidal Trillo.
Comisións Obreiras (CC.OO.)	D. Antonio Millares Jorge

Fundación Juan XXIII	D. Diego Chapela Portela.
----------------------	---------------------------

¹ En canto entidade substituída da Caixa Pontevedra ou entidade que resulte da súa fusión con Caixa Vigo-Caixa Ourense, segundo os decretos de convocatoria que se veñen efectuando.

² Segundo os decretos de convocatoria: "O Delegado Provincial da Consellería da Xunta de Galicia que teña conferidas as competencias en materia de promoción económica e emprego será a persoa designada pola Delegación Territorial da Xunta de Galicia en Pontevedra".

- Secretario: José Luis Mato Rodríguez.

Comprobada a existencia de quórum suficiente comézase a sesión.

A petición da **Presidencia**, e dado o anunciado abandono da sesión do Sr. Corujo antes de que remate, al térase a orde do día pasándose á análise do punto nº 5 en primeiro lugar, co asentimento de todos os presentes.

5. Valoración da posibilidade de proposta de modificación do Regulamento do CES ao Pleno do Concello, para a inclusión de novos membros. Solicitud de incorporación da Asociación de Jóvenes Empresarios.

A petición dos presentes por esta **Secretaría** explícase o contido do informe emitido ao respecto, lembrando o antecedente previo e concluíndo que ao final se trata dunha cuestión de oportunidade, mais na que se deberían considerar as diferentes solicitudes, o mantemento da representatividade e proporcionalidade entre os distintos sectores e o propio carácter do órgano, que podería acadar unhas dimensións extraordinarias de non precisarse claramente os límites. Engádese que a competencia para modificar o Regulamento do CES e, polo tanto ampliar a súa composición, é do Pleno do Concello, pero cando se tratou a propósito da solicitude do sindicato CESIF interesouse o parecer do CES pola Alcaldía.

Debátese entre os presentes entre as diferentes solucións a adoptar, proponse pola **Presidencia** invitar ao seu representante, lémbrese o actuado previamente polo Concello coa solicitude do sindicato CSIF...

Propón o Sr. **Loureiro Taibo** tratar este asunto nunha sesión ad hoc na que se analicen os diferentes sectores e a súa amplitude coa que poderían estar representados no CES.

Conclúese polos presentes, a instancia da **Presidencia**, comunicarlle á entidade solicitante que, de momento e segundo o actual regulamento, non é posible acceder á súa solicitude, pero que se manterán contactos para tratar a mesma.

1. Aprobación do borrador da acta da sesión extraordinaria de 16.02.2017.

Pide o Sr. **Millares** a remisión dos borradores das actas antes das convocatorias das seguintes sesións do CES, dado o tempo transcorrido e para poder ter máis cerca no tempo o recordo do tratado.

Tal acórdase polos presentes, precisándose por esta **Secretaría** que así se intentará en atención ao volume de traballo que poida existir.

Polo que respecta ao borrador da acta anterior resulta aprobada por unanimidade.

2. Información sobre o observatorio urbano.

Pide excusas a Sra. **Gulñas** pola falta de remate da documentación relativa ao observatorio, e pola inasistencia do Sr. Dorrego. Refire a realización dun estudo de economía social que se engade ao propio Observatorio, do que refire que en 15 días estaría polo que solicita que se pospoña tratar este punto.

Polos presentes débátese cando podería celebrarse esa sesión.

Solicita o Sr. **Abal** que antes da mesma se lles remita con antelación a documentación do



observatorio. A Sra. **Gulías** amósase de acordo.

Posponse, pois, por consenso este asunto á seguinte sesión.

3. Información sobre os Fondos de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado (DU-SI).

Exponse pola **Presidencia** os antecedentes deste punto, cos diferentes pasos en canto á obtención dos fondos desde 2015.

****INCIDENCIAS.**- Neste momento, e sendo as 19:37 h., incorpórase á sesión o Sr. González Carballo.

Da conta a **Presidencia** do último trámite realizado, en canto unha reprogramación requirida e pendente de aprobación polo Ministerio. Apunta algúns dos proxectos incluídos e pendentes pois desta autorización, sen que a non se poderían dispor ou incorporar créditos nos orzamentos. É unha situación xeneralizada cos diferentes Concellos, engade.

Agarda que no menor prazo posible se teña unha contestación en firme do Ministerio, para poder comezar as licitacións.

Abonda en explicacións respecto das características dos proxectos.

Pregunta o Sr. **Revenga** se a última modificación non é a publicada o 21 de setembro no BOE.

Contéstase pola **Presidencia** que tal é a terceira convocatoria, para os que quedaran fora anteriormente, é unha liña distinta do que se está a tratar.

4. Información sobre os criterios e liñas xerais do Proxecto de Orzamentos municipais para o 2018.

Pola **Presidencia** cédese o uso da palabra ao Sr. **González Carballo**, quen da conta dos estados aportados indicando que sufrirán algunha modificación, que precisa "non substancial, e exemplifica polo que respecta aos fondos DUSI.

Pregunta o Sr. **Corujo** se os Orzamentos están pois pendentes do programa DUSI, ao que contestan tanto a **Presidencia** como o Sr. **González Carballo** que non, consígnanse as aportacións municipais.

Continúa o Sr. **González Carballo** coa súa explicación, e no que respecta ao Capítulo I advirte do incremento do 1,5% que se prevé, se ben aínda pendentes do que digan os Presupostos Xerais do Estado.

Polo que atinxe a servizos e transferencias o incremento é de case 1 millón de euros. Anuncia a creación dun plan de empresa e refire as previsións en diferentes servizos (mantemento ascensores, deportes, abastecemento e saneamento de auga, etc.

Contémplanse 30 eventos deportivos, explicando as súas características e nomeando os principais. Destaca a aportación que supoñen á economía local.

***Incidentes:** Neste momento, sendo as 19.50 h. abandona a sesión o Sr. Corujo Seguido.

As transferencias tamén se incrementan pola renda social, así como, continúa o Sr. **González Carballo**, por outras actividades (Pazo, transporte metropolitano...).

As previsións en canto á débeda do Concello diminúen notablemente, ao diminuír a dé-

beda redúcense as aportacións a efectuar, tanto en principal como xuros.

Os investimentos, expón, son moi variados e citando moitos deles: centros sociais do Burgo, Estribela e Mourente; da datos dos investimentos no rural e no urbano, con cifras globais. En definitiva, conclúe, trátase de satisfacer as necesidades da veciñanza.

Continúa anunciando a espera de que os orzamentos se completen coas aportacións do DUSI, cifradas en 7 millóns e que suporán obras de gran calado.

Fai fincapé na actuación denominada “Monte vivo 2”, pactada coas comunidades de montes e que contempla liñas de axudas para actuacións destinadas a previr incendios forestais. Isto acompañado da previsión de creación de dous parques forestais.

Sinala que os investimentos, co DUSI, acadarían os 18 millóns, o que supón unha boa cantidade de postos de traballo, apunta.

Respecto da formacións dos orzamentos fala de conversas previas con colectivos veciñais, así como cos grupos municipais, a excepción dun, que “se autoexcluíu”, precisa.

Pregunta o Sr. **Vidal Trillo** qué proxectos están comprometidos co DUSI.

Respóndase polo Sr. **González Carballo** dando conta dos que son (Gorgullón, parque da Tomba, melloras estruturais en Tomeza...). Reitera de que de momento nos orzamentos só se inclúe a aportación municipal, e especifica os diferentes proxectos incluídos nos diferentes eixos de actuación.

Pregunta o Sr. **Revenga** sobre o total do investido e cándo se executarán as obras, porque polo grupo de goberno se falou de licitación.

Contesta o Sr. **González Carballo** que se licitarán, pero non se adjudicarán ata que se confirme a concesión das axudas. Todos os proxectos encargáronse a técnicos externos, dado o seu volume, explica.

Pide o Sr. **Revenga** que se lle expliquen as declaracións feitas na prensa segundo as que o goberno local puña en marcha as actuacións cos fondos propios de 5 millóns.

Matiza a Sra. **presidenta** que serían 2 millóns.

Cuestiona o Sr. **Revenga** cómo se pon que se inicia con fondos propios.

Expón a Sra. **Presidenta** que os proxectos en marcha se financian con fondos exclusivamente municipais, pero que non será posible licitalos se non se chega ao compromiso da parte subvencionada.

Intervén o Sr. **Vidal Trillo**, quen amosa a súa crítica co sistema da privatización, sen que se aposte polo rescate da xestión dos servizos da auga e lixo.

Comparte dita observación o Sr. **Millares Jorge**. Así mesmo, bota de menos a memoria da Alcaldía, como se lles remitía noutros anos. A este respecto lembra a denuncia que o propio Alcalde facía nunha desas memorias á privatización que levaba a cabo o goberno do PP, privatización que, de feito considera, está a facer o propio Concello. Neste sentido pide que aqueles servizos de fácil rescate se asuman polo Concello.

Continúa advertindo da falta dun Plan de Igualdade, e propón bonificacións de carácter social ou medioambiental, como sería no Imposto de vehículos de tracción mecánica respecto dos eléctricos ou mixtos.

Apunta que unha partida destinada á prevención de incendios forestais diminúe respecto do exercicio anterior.

Matiza o Sr. **González Carballo** que outras soben.

Pide o Sr. **Millares** que se “unificasen”.

Explica o Sr. **González Carballo** que é unha partida que noutros exercicios non se con-



sumiu, polo que hai que ver a previsión no seu conxunto.

Continúa coa súa intervención o Sr. **Millares** denunciando o incremento das horas extras, que en moitos casos superan as 80 ao ano e mesmos son obrigatorias para os traballadores, sostén, Isto pon de manifesto o déficit do cadro de persoal, apunta.

Chama a atención sobre o problema da canceira, e a falta de recollida cans feridos, a falta de medios.

Comparte a preocupación o Sr. **Carballo**, pero o índice de abandonos é tal que supera as capacidades dos distintos refuxios de animais, explica, mesmo da Deputación e noutros Concellos.

Alude o Sr. **Millares** a non só recollelos, senón á situación de moitos feridos nas estradas que poderían ser aliviados no seu sufrimento.

Da conta a **Presidencia** da nova Lei de Protección animal que cambiará as competencias, estándose á espera de que se aprobe para modificar a ordenanza. En todo caso lembra a gran cantidade de competencias que asumen os Concellos, sen financiamento.

En todo caso, manifesta o Sr. **González Carballo** que recolle a proposta feita polo Sr. **Millares**.

Respecto da privatización lembra o Sr. **Conde Farto** o documento de 100 medidas propostas pola CIG en canto aos servizos públicos, xa entregado con anterioridade, mais, continúa, non se pode obviar a lexislación estatal, trátase dun problema que require de análise na súa globalidade.

Fai uso da palabra o Sr. **Rei Núñez**, quen coincide co defendido a este respecto polos representantes de UGT e CC.OO., e en parte pola CIG. Lembra as mocións presentadas polo seu grupo respecto da xestión do ciclo integral da auga e do lixo, entenden que é máis eficiente unha xestión directa. Lamenta que non se aproveite a finalización das concesións para recuperar os servizos. A Lei de racionalización non impide tal, como se fixo en lugares tan dispares como Teo e Valladolid, apunta.

Formula, a continuación, dúas preguntas:

- En canto aos proxectos incluídos nos fondos DUSI, se as achegas non chegan este ano, o Concello iniciaría as obras ou as pararía?

- Sobre a obra da ponte do Burgo, contéplase a extinción do prazo da concesión da gasoleira o vindeiro ano e a extensión da actuación a tal eido?

Pide o Sr. **González Carballo** "homoxeneidade co discurso", aludindo ás trabas que a lexislación estatal contemplou respecto do rescate das concesións de servizos; e mesmo como nalgún caso aludido o que sucedeu foi a anulación dun concurso por unha sentenza, non o rescate do servizo.

Respecto dos proxectos DUSI reitera que sen dotación orzamentaria completa non se poderán adjudicar.

Polo que atinxe á gasoleira, xa se dirixiron a Costas pedindo que non se renove a concesión, que se devolva o demanio nas mesmas condicións nas que se lle entregou, sen indemnizacións nin asumindo a Administración as obras de acondicionamento. Incide na afección da mesma polo carácter cultural da ponte como elemento máis a considerar.

Apunta o Sr. **Abal González** que a concesionaria pode ter os seus dereitos.

Entende o Sr. **Puentes Rivera** que a prórroga da concesión é potestativa para a Administración e neste caso concorren circunstancias que a desaconsellarían, como son a afección cultural, a proximidade de vivendas...

* **Incidencias.** Neste momento, sendo as 20:38 h., abandona a sesión o Sr. Puentes Rivera.

Intervén de novo, e finalmente, o Sr. **Millares** para insistir na recuperación dos servizos, e pon como exemplo o da grúa.

E sen máis asuntos que tratar, pola Presidencia dáse por levantada a sesión, sendo as 20:40 h. do día indicado.

Pontevedra,
O SECRETARIO

Vº e PRACE, A PRESIDENTA